

LINGUA GALEGA

ACTIVIDADE 7

1. Le o texto detidamente:

A Paula sempre lle gustaron os piratas. Sempre, desde que tiña dous anos. Gustáballe disfrazarse de pirata e subir a unha cadeira cos súa espada de plástico na man, berrando "Á abordaxe!". Tamén lle gustaba xogar co seu barco pirata de madeira coas súas velas brancas e os seus pequenos canóns dourados. Cando facía esvarar o barco polo chan do seu cuarto, imaxinaba que o facía polo mar, un mar cheo de quenllas, e que a súa cama era unha illa misteriosa con palmeiras e un tesouro enterrado.

2. Quen e a **protagonista** da historia?

3. Cales eran os seus personaxes favoritos?

4. Con que xoguetes lle gustaba xogar?

5. Cando Paula xogaba o seu cuarto convertíase en...

6. A súa cama convertíase en...

7. Fai un **resumo** do texto.

8. As **palabras polisémicas** son as que teñen varios significados. Neste texto aparecen varias: cadeira, velas, canóns... Elixo unha destas palabras e escriben dúas oracións nas que se aprecien ben os diferentes significados.

Oración 1:

Oración 2:

9. Os **sinónimos** son palabras que teñen o mesmo significado. Escribe un sinónimo para as seguintes palabras:

Cadeira: _____ Berrar: _____

Cuarto: _____ Esvarar: _____

10. A **sílaba** é un grupo de sons que se pronuncian xuntos nun só golpe de voz. Segundo o número de sílabas, as palabras poder ser: monosílabas, bisílabas, trisílabas ou polisílabas. Completa esta táboa con palabras do texto. Separáas en sílabas.

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas

11. Escribe unha **enumeración** con cinco dos teus xoguetes favoritos. Non olvides usar a coma.

12. Completa o seguinte cadro con palabras do texto.

Masculino singular	Masculino plural	Feminino singular	Feminino plural

13. Escribe unha oración coa palabra que leva **nh** no texto.

14. Escribe una **palabra derivada** de:

Pirata: _____ Barco: _____

Mar: _____ Misterio: _____

15. Completa:

Nomes	Adxectivos

16. Escribe o **titular** dunha noticia.

17. Continúa a historia de Paula.